



## BASES PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE CAFÉ E COMIDAS/ BEBIDAS NO IES A SANGRIÑA – A GUARDA. XANEIRO 2013

O Consello Escolar do IES A *Sangriña* convoca concurso para adxudicar o servizo dunha máquina de café e unha de comidas e bebidas, de acordo coas seguintes

### BASES

1. As empresas participantes deberán presentar, xunto co impreso de solicitude segundo o ANEXO I, un listado que incluírá, co maior detalle posible, a relación completa de produtos ofrecidos (indicando tipos, marcas, etc.), oferta de novos produtos, se procede, así como a relación detallada dos prezos de cada ún dos artigos.
2. A empresa adxudicataria comprometerase a vixiar e repoñer o surtido das máquinas nun prazo máximo de 12 horas, e atender e reparar posibles averías nun prazo máximo de 24 horas.
3. As posibles modificacións no listado de produtos ou prezos deben ser presentadas ante o Consello Escolar do Centro para a súa aprobación, se procede.
4. As máquinas que se instalen cumprirán toda a normativa legal vixente: identificación da empresa, identificación da máquina, permisos e revisións correspondentes, etc.
5. A empresa adxudicataria aboarán a cantidade de 1.800 euros anuais en concepto de colaboración con gastos diversos.
6. Os prezos dos produtos non poderán ser superiores aos da cafetería e as posibles modificacións serán presentadas ante o Consello Escolar para a súa aprobación, se procede, e nunca en períodos inferiores ao curso escolar.
7. Neste concurso terán preferencia, en condicións similares de oferta de produtos e prezos:
  - En primeiro lugar o titular da Cafetería do Centro no momento da adxudicación.
  - En segundo lugar empresas ou persoas da Guarda e zonas limítrofes.
8. O acordo de adxudicación entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello Escolar do IES A *Sangriña*, e renovarase automaticamente cada ano de non existir denuncia expresa por calquera das partes, por escrito con dous meses de antelación.



9. Serán causas de rescisión do acordo de adxudicación:
- Os incumprimentos de calquera das bases durante un período máximo de tres meses.
  - Por decisión voluntaria do adxudicatario, informando ao Consello Escolar con dous meses de antelación.
10. Existirá un libro de reclamacións na Conserxería do Centro. Comunicaranse as mesmas á empresa adxudicataria para que sexan subsanadas.
11. A empresa adxudicataria asumirá mediante contrato de seguros de responsabilidade civil con empresa do sector de recoñecida solvencia calquera dano a terceiros que se poida producir como consecuencia do servizo.
12. A empresa adxudicataria, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación da adjudicación, obrígase a presentar no prazo de 10 días unha fotocopia cotexada do DNI e da documentación das máquinas.
13. As solicitudes, acompañadas da relación de produtos e prezos, irán dirixidas ao Consello Escolar con arreglo ao anexo I. e presentaranse en dous sobres pechados e un deles identificado como **SERVIZO DE MÁQUINAS EXPENDEADORAS**.
14. Notificarase á empresa adxudicataria a resolución do Consello Escolar no día seguinte ao da aprobación da adjudicación.
15. As solicitudes entregaranse na Secretaría do Centro antes das 14 horas do día 1 de febreiro de 2013.
16. O Consello Escolar do Centro acordará a adxudicación que considere oportuna aplicando o seguinte baremo:
- Apartado 1. Oferta económica na que se incluírá a lista de prezos e produtos: ata 5 puntos.
  - Apartado 2. Responsables da Cafetería no momento da adxudicación: ata 2 puntos.
  - Apartado 3. Proximidade xeográfica da empresa adxudicataria: ata 0,5 puntos.

A Guarda, 24 de xaneiro de 2013.

PRESIDENTA DO CONSELLO ESCOLAR DO IES A *SANGRIÑA*,

Asdo. Pilar Carro Loureiro.



## ANEXO I

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE CAFÉ E COMIDAS/BEBIDAS NO IES A SANGRIÑA – A GUARDA

D/Dna. \_\_\_\_\_

Con NIF número \_\_\_\_\_, domicilio en \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ e número de teléfono \_\_\_\_\_,

#### EXPÓN:

Que está interesado/a en participar no concurso para a adxudicación do servizo de máquinas expendedoras de café e comidas/bebidas no IES *A Sangriña* de A Guarda, para o que xunta a correspondente relación de produtos e prezos.

#### SOLICITA:

A admisión no devandito concurso

A Guarda, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

O/A SOLICITANTE,

Asdo. \_\_\_\_\_

PRESIDENTA DO CONSELLO ESCOLAR DO IES A SANGRIÑA – A GUARDA